



## SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA NO IES DE SAR- CENTRO ADSCRITO- ALUMNADO DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

**Dende o 15 de xaneiro ata o 5 de febreiro, está aberto o prazo de Reserva de praza para o alumnado de 6º curso de primaria que desexe continuar os seus estudos no IES de Sar.**

### NORMATIVA QUE REGULA O PROCESO.

[Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de b](#)

[Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 21 de outubro 2022, pola que se desenvolve o decreto e se regula o procedemento de admisión do alumnado \(DOG núm.212, do 8 de novembro\).](#)

[Acordo do 11 de outubro de 2023, sobre as medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da comunidade autónoma de Galicia, no que sexa aplicable.](#)

### INSTRUCCIÓNS

Para presentar unha solicitude deberá seguir algunha das opcións descritas a continuación:

#### 1. Prazos de presentación de solicitudes (reserva e ordinaria de admisión)

O proceso de admisión de alumnado tramitarase mediante a aplicación informática admisionalumnado ( <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado> )

O prazo de presentación de solicitudes abranguerá:

- Solicitudes de reserva (ED550A): **do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2024.**

#### 2. Solicitudes

O modelo ED550A estará dispoñible a partir da data de inicio do correspondente prazo de presentación: na aplicación *admisionalumnado*, na sede electrónica da Xunta de Galicia e nos centros docentes onde se facilitará, de forma gratuíta, unha copia en papel ás persoas interesadas que a soliciten.

## **2..1. Forma de presentación: electrónica e presencial.**

### **a) Presentación electrónica de solicitudes (ED550A ):**

#### **1º. A persoa solicitante ten que acceder á aplicación informática admisionalumnado**

(<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumando>) e cubrir o modelo ED550A - anexo I para o que necesariamente ten que dispoñer dun certificado de identidade e sinatura dixital (como o certificado da Fábrica Nacional de Moneda e Timbre ou calquera outro admitido pola sede) ou un sistema de usuario e clave como a Chave365.

**2º. Ademais, terán que cubrir o modelo anexo I-bis**, imprimilo, e unha vez asinado de forma manual pola outra persoa proxenitora, titora ou acollidora, escanealo.

**3º.** A seguir, a aplicación permite **conectar coa sede electrónica da Xunta de Galicia** para asinar e presentar a solicitude utilizando calquera dos medios de identidade e sinatura do punto 1º. Xunto coa solicitude deberá achegar o anexo I-bis, e o resto de documentación que, de ser o caso, fose precisa.

**4º. O xustificante da presentación electrónica da solicitude (ED550A)** só se xera cando a persoa a asine e a presente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, e indica a data de presentación.

### **b) Presentación presencial de solicitudes (ED550A ):**

1º. A solicitude de reserva (ED550A) e o anexo I-bis, pode presentarse no centro docente no que estea matriculado nese momento o alumnado; no centro docente indicado en primeiro lugar.

En ambos casos, tamén se poden presentar en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2º. Tamén deberá ir acompañada da documentación indicada no anterior punto 3º da letra a).